

Convocatoria V Edición do Programa Campus Rural de prácticas universitarias na contorna rural

I. Obxecto

Convócanse **20 bolsas** de tres meses de duración cada unha para estudantes de grao e máster oficial da Universidade da Coruña (UDC) no marco do Programa Campus Rural de prácticas universitarias na contorna rural.

O Programa Campus Rural é unha iniciativa desenvolvida polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITERD), en colaboración co Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, a Conferencia de Reitores e Reitoras das Universidades Españolas e a maioría de universidades públicas españolas, que permitirá que o alumnado universitario de calquera titulación oficial poida levar a cabo prácticas académicas en municipios de zonas rurais con problemas de despoboamento a través de entidades cuxas dependencias estean situadas nas zonas obxecto da iniciativa, xa sexan concellos, mancomunidades ou outros organismos públicos, así como empresas, asociacións, cámaras de comercio e fundacións sen ánimo de lucro cuxa actividade se desenvolve nos ditos territorios. O obxectivo que se persegue é que o alumnado universitario de calquera titulación oficial poida completar a súa formación mediante a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares no ámbito rural, en zonas con problemas de despoboamento residindo nel, coñecéndoo en profundidade, convivindo e colaborando coa súa xente, de modo que poidan consideralo como un lugar de oportunidades para o desenvolvemento do seu futuro persoal e profesional.

II. Dotación das bolsas

O MITERD comprométese a achegar nesta convocatoria ata un máximo de **64 929 €**, dos cales 60 000 € corresponden á Bolsa de axudas ao estudiantado e 4.929 € ao custo máximo de Seguridade Social, segundo o indicado na cláusula novena do convenio CAMPUS RURAL asinado para o 2026 entre o MITERD e a UDC.

O importe da bolsa será de 1000 € brutos mensuais, máis Seguridade Social. A estes 1000 € aplicaráselles a retención correspondente a conta do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) e o custo da Seguridade Social será o que corresponda conforme

a cota existente no momento de realización das prácticas.

A partida orzamentaria da UDC para o Programa Campus Rural é 23.14.456E.451.02.

III. Período de realización e duración das prácticas externas

As prácticas externas terán unha duración de **tres meses** en todos os casos. O alumnado pode elixir as datas de inicio e finalización, tendo en conta a súa situación académica dentro dun período comprendido entre o 1 de xuño de 2026 e o 14 de novembro de 2026 (data límite das prácticas), sempre que manteña durante eses tres meses de duración a súa condición de estudante da UDC e non se produzan interrupcións durante a súa realización. A persoa estudante deberá residir no mesmo municipio en que realice as prácticas ou, na medida do posible, en municipios de similares características situados a unha distancia non superior a 20 km do municipio de realización da práctica, coa aceptación da Universidade e o MITERD. De non ser posible, a persoa estudante deberá comunicar esta circunstancia á Unidade de Emprego da vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade, xustificando as causas obxectivas que motivan non poder residir no mesmo municipio de realización das prácticas.

IV. Requisitos para o alumnado

1. Estar matriculado nunha titulación que figure entre as descritas na oferta de prácticas externas (anexo I).
2. Manter a condición de estudante durante todo o período das prácticas.
3. Ter superado o 50 % dos créditos necesarios para obter o título de grao, incluídos, como mínimo, todos os créditos correspondentes á formación básica. No caso do alumnado de máster, a porcentaxe anterior será do 25 % no momento da súa inscrición (segundo consta no Regulamento de prácticas externas do alumnado da Universidade da Coruña, aprobado no Consello de Goberno de 23 de abril de 2013 e modificado polos acordos do Consello de Goberno do 23 de abril de 2013 e modificado polos acordos do Consello de Goberno do 27/02/2015, 29/09/2015, 29/05/2018, 04/06/2019 e 03/11/2022).
4. Non manter unha relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable con ningunha empresa, institución ou entidade no momento de inicio das prácticas e durante todo o período de realización. Se a situación do/a estudante

cambia, e pasa a ter unha relación contractual de tipo laboral durante o período de prácticas, deberá comunicalo á Unidade de Emprego da vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade e presentar a súa renuncia.

V. Criterios de selección

1. Nota media do expediente académico, con dous decimais, considerada na data de fin do prazo da presentación de solicitudes.
2. No caso dunha nota media igual, terase en conta o maior número de créditos superados.
3. Ten preferencia no proceso de selección o estudantado que realice prácticas externas nunha provincia diferente á que cursa os seus estudos. Neste caso, o estudantado que elixa entidades da provincia da Coruña queda en espera, pendente de que non se cubran as 20 prazas coas prácticas realizadas noutra provincia distinta.
4. O estudantado que elixa entidades que proporcionan unha solución habitacional terá unha puntuación adicional de 0,25 puntos.
5. No caso de ter participado nalgunha actividade do programa da Unidade de Emprego para a formación en emprego e emprendemento EMPREGA-T, o/a estudante recibirá unha puntuación adicional de 0,25 puntos.
6. A titulación que está cursando a persoa estudante debe coincidir coa solicitada pola entidade na oferta de prácticas (anexo I).
7. Seleccionaranse 20 estudantes, preferentemente 10 estudantes das ramas de Humanidades, Ciencias Sociais e Xurídicas e outros 10 das ramas de Ciencias, Ciencias da Saúde, Enxeñarías e Arquitectura. Aplicaranse os criterios mencionados nos puntos 1., 2., e 3. do presente apartado de criterios de selección.
8. As persoas solicitantes das bolsas de prácticas deberán elixir, como mínimo, unha práctica e, por orde de prioridade, como máximo 5 da lista de ofertas presentadas no anexo I desta convocatoria.
9. Se a un/ha alumno/a se lle asigna a entidade que seleccionou en 1.º lugar, xa non pode cambiar á segunda opción elixida e así sucesivamente.
10. Se un/ha estudante beneficiario/a renuncia á asignación dunha entidade, esta pasa á listaxe de entidades pendentes de asignación de estudantes e a persoa que renuncia non ten posibilidade de que se lle asigne outra entidade.

11. O alumnado non seleccionado pasará a integrar a listaxe de espera.

VI. Prazos e procedemento da convocatoria

1. Presentación da solicitude: desde o día seguinte da publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC ata o día 17/04/2026. Para participar no programa, o estudantado deberá cubrir e enviar a súa solicitude a través da páxina web de Emprego da UDC:
<https://www.udc.gal/emprego/practicas-campus-rural/>.
2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Unidade de Emprego da vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade procederá á súa revisión para comprobar que cumpran os requisitos establecidos nesta convocatoria e publicará no TEO e na dita páxina web de Emprego da UDC unha listaxe provisional das persoas admitidas e excluídas xunto cos motivos de exclusión. A partir do día seguinte desta publicación no TEO, abrirase un prazo de catro días hábiles para a emenda de erros.
3. Unha vez rematado o prazo de emenda de erros, publicarase novamente no TEO e na devandita páxina web de Emprego da UDC a listaxe definitiva das persoas admitidas e, se procede, a listaxe de agarda. As persoas adxudicatarias deberán confirmar obrigatoriamente a súa aceptación ou renuncia coa data límite que se indicará nesa listaxe definitiva de persoas admitidas e segundo o procedemento indicado nela.
4. As adxudicacións serán comunicadas ás persoas beneficiarias a través do correo electrónico da Unidade de Emprego <emprego.vee@udc.gal> dirixidas ao seu correo persoal da UDC a partir do día seguinte á publicación da lista definitiva no TEO da UDC.
5. No caso de que a persoa estudante renuncie á práctica concedida, efectuaranse sucesivas adxudicacións seguindo a listaxe de agarda.

VII. Compromisos das partes

1. Universidade da Coruña

- i. Establecerá o marco regulador das súas relacións con cada estudante e a entidade que propón as prácticas. Ademais, seleccionará as prácticas, entre as propostas que

cumpran cos requisitos establecidos.

ii. Informará ás entidades colaboradoras de que a súa proposta foi seleccionada para integrarse no Programa Campus Rural.

iii. Realizará a xestión ordinaria das prácticas achegando os instrumentos adecuados para tal efecto e levar a cabo o seu seguimento.

iv. A persoa titora académica da Universidade, e tal e como indica o Regulamento de prácticas da UDC, deberá velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo e realizar un seguimento efectivo das prácticas en coordinación coa persoa titora da entidade colaboradora, entre outras cuestións.

2. Persoas estudantes

i. Cumprirán a normativa vixente relativa ás prácticas externas establecida pola Universidade.

ii. Deberán coñecer e cumprir co contido das prácticas seguindo as indicacións da persoa titora asignada pola entidade colaboradora, en coordinación coa persoa titora por parte da Universidade. Igualmente, deberán manter o contacto coa persoa titora académica da Universidade durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlle calquera incidencia que poida suceder.

iii. Deberán incorporarse á entidade participante na data acordada, cumprindo o horario previsto no proxecto formativo e respectando a normativa vixente.

iv. Deberán elixir o período das súas prácticas de forma que non rematen os seus estudos durante a súa realización e perdan a condición de estudantes. O período de realización das prácticas debe contar co acordo da entidade.

v. Causarán baixa das prácticas no caso de perder a condición de estudantes da UDC.

vi. Comunicarán á Unidade de Emprego da UDC se durante o período de prácticas rematan os estudos en que estean matriculadas e, polo tanto, perdan a condición de estudantes da UDC, agás que se volvan matricular nun curso de continuidade ou nun posgrao oficial.

vii. Presentarán a renuncia á bolsa coa data na que causen baixa; de non ser así, o alumnado deberá devolver o custo da bolsa desde o momento en que perde a condición de estudante ou outros motivos polos que cause baixa.

viii. Deberán entregar a documentación persoal requirida para tramitar as prácticas con 15 días de antelación respecto á data do seu inicio. Esta documentación persoal remitirase a través do medio indicado na lista definitiva publicada no TEO da Sede Electrónica da UDC.

3. Entidades colaboradoras

- i. Velarán polo normal desenvolvemento das prácticas, garantindo a posibilidade de asistencia a probas de avaliación que se realicen durante o período das prácticas.
- ii. A persoa titora designada pola entidade, e tal e como se indica no Regulamento de prácticas da UDC, deberá acoller o alumnado, organizar, orientar a súa actividade de conformidade co proxecto formativo e coordinar coa persoa titora académica da Universidade, o desenvolvemento das actividades contidas no proxecto formativo entre outras cuestións.

VIII. Comisión de selección

A comisión de selección estará integrada por:

- María José Lombardía Cortiña, vicerreitora de Estudiantes e Empregabilidade.
- Paula María Castro Castro, adxunta de Empregabilidade da vicerreitoría de Estudiantes e Empregabilidade.
- Unha técnica da Unidade de Emprego ou persoa que a substitúa:
 - María del Pilar Feal Rodríguez, técnica de emprego e asuntos xerais.
 - Ana Beatriz Rivera Cores, técnica de emprego e asuntos xerais.
 - Susana Gándara Carro, técnica de emprego e asuntos xerais.
- Un/ha representante do estudantado.

IX. Protección de datos

Os datos de carácter persoal proporcionados polas persoas solicitantes serán tratados para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terán dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Os datos do alumnado seleccionado serán cedidos á entidade que o acollerá en prácticas co fin

de poder proceder á súa tramitación. Terán dereito a solicitarlle á persoa responsable do tratamento de datos, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e á limitación do seu tratamento. Tamén terán dereito a opoñerse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, á portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderanse exercer mediante unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, r/ Mestranza 9, 15001, A Coruña ou ao correo electrónico rpd@udc.gal, coa referencia «Protección de datos», ou tamén a través dun escrito asinado para tal efecto, ao que se xuntará a fotocopia do seu DNI. Igualmente, poderán dirixir esta solicitude directamente ao delegado de protección de datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Igualmente, terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Disposición adicional primeira. Información

Poderá obterse máis información sobre esta convocatoria na Unidade de Emprego da vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade.

Emprego UDC A Coruña

Páxina web: <https://www.udc.gal/emprego/practicas-campus-rural/>

Casa do Estudantado, 1.º, campus de Elviña

Tel.: 881 01 29 03 / 29 16

Correo electrónico:

<emprego.vee@udc.gal>

Emprego UDC Ferrol

Páxina web: <https://www.udc.gal/emprego/practicas-campus-rural/>

Edificio de Apoio ao Estudo, planta baixa, Campus Industrial de Ferrol

Tel.: 881 01 36 17 / 36 18 / 36 16

Correo electrónico:

<emprego.vee@udc.gal>

Disposición derradeira primeira. Recursos

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o xulgado

competente do contencioso-administrativo, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá presentar, de maneira opcional, un recurso de reposición ante o reitor, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Ambos os prazos comezarán a contar desde o día seguinte á súa publicación no TEO.

Disposición derradeira segunda. Eficacia

Esta resolución producirá efecto a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

ANEXO I

OFERTAS DE PRÁCTICAS

CAMPUS RURAL 2026

PRÁCTICA N.º 1

| | |
|--|---|
| Nome da entidade | ASOCIACIÓN ACCIÓN CUARTO MUNDO |
| Ámbito de actividade | Asociación sen ánimo de lucro que se dedica ao desenvolvemento de proxectos que poñan en valor os recursos e necesidades do rural para a creación de actividade social, económica e xeración de emprego para ofertar a novos poboadores procedentes de colectivos vulnerables |
| Título da práctica | PROXECTAR UNHA COOPERATIVA INTERDISCIPLINAR PARA EDUCACIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL EN APOIO DE MUNICIPIOS RURAIS (Socioloxía/Educación Social/Logopedia/M.U. en Psicoloxía Aplicada/M.U. en Políticas Sociais e Intervención Socio-comunitaria/Métodos Avanzados de Investigación e Innovación na Análise Social) |
| Descrición das tarefas | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Continuar o labor desenvolvido na comarca da Ulloa no ámbito da educación e dinamización social (tras a participación no Programa Campus Rural en varias edicións). ▪ Realizar unha análise para concretar as tarefas que se van desenvolver. ▪ Organizar o funcionamento dunha cooperativa de educación e dinamización social en apoio de municipios do rural. |
| Municipio de realización | Antas de Ulla, comarca da Ulloa e municipios rurais próximos |
| Provincia | Lugo |
| N.º meses de duración da práctica | 3 meses |
| Horas semanais | 35 horas |
| Perfil requirido do/da estudante | Un/ha estudante de calquera das seguintes titulacións: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Grao en Socioloxía ▪ Educación Social ▪ Logopedia ▪ M.U. en Psicoloxía Aplicada ▪ M.U. en Políticas Sociais e Intervención Socio-comunitaria ▪ M.U. en Métodos Avanzados de Investigación e Innovación na Análise Social |
| Ofrécese solución habitacional? Si/Non | Axúdase á persoa bolsreira a atopala |
| Comentarios adicionais | Consideramos importante esta experiencia, que trata de concluír coa creación concreta de emprego para o inicio dunha actividade interdisciplinar. |

PRÁCTICA N.º 2

| | |
|-------------------------|---|
| Nome e tipo de entidade | ASOCIACIÓN ACCIÓN CUARTO MUNDO |
| Ámbito de actividade | Asociación sen ánimo de lucro que se dedica ao desenvolvemento de proxectos que poñan en valor os recursos e necesidades do rural para a creación de actividade social, económica e xeración de emprego para ofertar a novos poboadores procedentes de colectivos vulnerables |
| Título da práctica | PROXECTAR UNHA COOPERATIVA INTERDISCIPLINAR PARA EDUCACIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL EN APOIO DE MUNICIPIOS RURAIS (Socioloxía/Educación Social/Logopedia/M.U. en Psicoloxía Aplicada/M.u. en Políticas Sociais e Intervención Socio-comunitaria/Métodos Avanzados de Investigación e Innovación na Análise Social) |
| Descrición das tarefas | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Continuar o labor desenvolvido na comarca da Ulloa no ámbito da educación e dinamización social (tras a participación no Programa Campus Rural en varias edicións). ▪ Realizar unha análise para concretar as tarefas que se van desenvolver. ▪ Organizar o funcionamento dunha cooperativa de educación e dinamización social en apoio de municipios do rural. |

| | |
|--|--|
| Municipio de realización | Antas de Ulla, comarca da Ulloa e municipios rurais próximos |
| Provincia | Lugo |
| N.º meses de duración da práctica | 3 meses |
| Horas semanais | 35 horas semanais |
| Perfil requerido do/da estudante | Un/ha estudante de calquera das seguintes titulacións: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Grao en Socioloxía ▪ Educación Social ▪ Logopedia ▪ M.U. en Psicología Aplicada ▪ M.U. en Políticas Sociais e Intervención Socio-comunitaria ▪ M.U. en Métodos Avanzados de Investigación e Innovación na Análise Social |
| Ofrécese solución habitacional? Si/Non | Axúdase á persoa bolseira a atopala |
| Comentarios adicionais | Consideramos importante esta experiencia, que trata de concluír coa creación concreta de emprego para o inicio dunha actividade interdisciplinar. |

PRÁCTICA N.º 3

| | |
|---|---|
| Nome da entidade | ASOCIACIÓN ACCIÓN CUARTO MUNDO |
| Tipo de entidade e ámbito de actividade | Asociación sen ánimo de lucro que se ocupa do desenvolvemento de proxectos que poñan en valor os recursos e necesidades do rural para a creación de actividade social, económica e xeración de emprego para ofertar a novos poboadores procedentes de colectivos vulnerables |
| Título da práctica | PROXECTAR UNHA COOPERATIVA INTERDISCIPLINAR PARA EDUCACIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL EN APOIO DE MUNICIPIOS RURAIS (Socioloxía/Educación Social/Logopedia/M.U. en Psicología Aplicada/M.u. en Políticas Sociais e Intervención Socio-comunitaria/Métodos Avanzados de Investigación e Innovación na Análise Social) |
| Descrición das tarefas | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Continuar o labor desenvolvido na comarca da Ulloa no ámbito da educación e dinamización social (tras a participación no Programa Campus Rural en varias edicións). ▪ Realizar unha análise para concretar as tarefas que se van desenvolver. ▪ Organizar o funcionamento dunha cooperativa de educación e dinamización social en apoio de municipios do rural. |
| Municipio de realización | Antas de Ulla, comarca da Ulloa e municipios rurais próximos |
| Provincia | Lugo |
| N.º meses de duración da práctica | 3 meses |
| Horas semanais | 35 horas semanais |
| Perfil requerido do/da estudante | Un/ha estudante de calquera das seguintes titulacións: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Grao en Socioloxía ▪ Educación Social ▪ Logopedia ▪ M.U. en Psicología Aplicada ▪ M.U. en Políticas Sociais e Intervención Socio-comunitaria ▪ M.U. en Métodos Avanzados de Investigación e Innovación na Análise Social |
| Ofrécese solución habitacional? Si/Non | Colaboramos co/a bolseiro/a na súa busca |
| Comentarios adicionais | Consideramos importante esta experiencia, que trata de concluír coa creación concreta de emprego para o inicio dunha actividade interdisciplinar. |

PRÁCTICA N.º 4

| | |
|------------------|---------------------------------------|
| Nome da entidade | ASOCIACIÓN ACCIÓN CUARTO MUNDO |
|------------------|---------------------------------------|

| | |
|--|--|
| Ámbito de actividade | Asociación sen ánimo de lucro que se dedica ao desenvolvemento de proxectos que poñan en valor os recursos e necesidades do rural para a creación de actividade social, económica e xeración de emprego para ofertar a novos poboadores procedentes de colectivos vulnerables |
| Título da práctica | PROXECTAR UNHA COOPERATIVA INTERDISCIPLINAR PARA EDUCACIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL EN APOIO DE MUNICIPIOS RURAIS |
| Descrición das tarefas | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Continuar o labor desenvolvido na comarca da Ulloa no ámbito da educación e dinamización social. ▪ Realizar unha análise para concretar as tarefas que se van desenvolver. ▪ Organizar o funcionamento dunha cooperativa de educación e dinamización social en apoio de municipios do rural. |
| Municipio de realización | Antas de Ulla, comarca da Ulloa e municipios rurais próximos |
| Provincia | Lugo |
| N.º meses de duración da práctica | 3 meses |
| Horas semanais | 35 horas semanais |
| Perfil requirido do/da estudante | Un/ha estudante de calquera das seguintes titulacións: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Grao en Socioloxía ▪ Educación Social ▪ Logopedia ▪ M.U. en Psicoloxía Aplicada ▪ M.U. en Políticas Sociais e Intervención Socio-comunitaria ▪ M.U. en Métodos Avanzados de Investigación e Innovación na Análise Social |
| Ofrécese solución habitacional? Si/Non | Colaboramos co/a bolseiro/a na súa procura |
| Comentarios adicionais | Consideramos importante esta experiencia, que trata de concluír coa creación concreta de emprego para o inicio dunha actividade interdisciplinar. |

PRÁCTICA N.º 5

| | |
|-----------------------------------|--|
| Nome da entidade | ASOCIACIÓN ACCIÓN CUARTO MUNDO |
| Ámbito de actividade | Asociación sen ánimo de lucro que se dedica ao desenvolvemento de proxectos que poñan en valor os recursos e necesidades do rural para a creación de actividade social, económica e xeración de emprego para ofertar a novos poboadores procedentes de colectivos vulnerables |
| Título da práctica | PROXECTAR UNHA COOPERATIVA INTERDISCIPLINAR PARA EDUCACIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL EN APOIO DE MUNICIPIOS RURAIS |
| Descrición das tarefas | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Continuar o labor desenvolvido na comarca da Ulloa no ámbito da educación e dinamización social. ▪ Realizar unha análise para concretar as tarefas que se van desenvolver. ▪ Organizar o funcionamento dunha cooperativa de educación e dinamización social en apoio de municipios do rural. |
| Municipio de realización | Antas de Ulla, comarca da Ulloa e municipios rurais próximos |
| Provincia | Lugo |
| N.º meses de duración da práctica | 3 meses |
| Horas semanais | 35 horas semanais |
| Perfil requirido do/da estudante | Un/ha estudante de calquera das seguintes titulacións: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Educación Social ▪ Logopedia ▪ M.U. en Psicoloxía Aplicada ▪ M.U. en Políticas Sociais e Intervención Socio-comunitaria ▪ M.U. en Métodos Avanzados de Investigación e Innovación na Análise Social |

| | |
|--|---|
| Ofrécese solución habitacional? Si/Non | Colaboramos co/a bolseiro/a na súa procura |
| Comentarios adicionais | Consideramos importante esta experiencia, que trata de concluír coa creación concreta de emprego para o inicio dunha actividade interdisciplinar. |

PRÁCTICA N.º 6

| | |
|--|--|
| Nome e tipo de entidade | ARDECOU ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL DA COMARCA DE OURENSE |
| Título da práctica | Prácticas de Economía / Ciencias Empresariais |
| Descrición das tarefas | Tarefas relacionadas coa valoración dos proxectos de desenvolvemento rural |
| Municipio de realización | Calquera dos seguintes municipios que cumpra o requisito de ter unha poboación de ≤ 5.000 habitantes: Gomesende, Ramirás, Cartelle, A Merca, Toén, San Cibrao das Viñas, Paderne de Allariz, O Pereiro de Aguiar, Esgos, Xunqueira de Espadanedo, Amoeiro, Coles, Nogueira de Ramuín, Vilamarín e A Peroxa. |
| Provincia | Ourense |
| Duración | 3 meses |
| Horas semanais | 35 horas semanais |
| Perfil requirido do/da estudante | Un/ha estudante de calquera das seguintes titulacións: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Grao en Economía ▪ Grao en Ciencias Empresariais |
| Ofrécese solución habitacional? Si/Non | Non |

PRÁCTICA N.º 7

| | |
|--|---|
| Nome da entidade | ASECOR XESTION EMPRESARIAL SL |
| Ámbito de actividade | Empresa-Asesoría laboral, fiscal e contable |
| Título da práctica | Prácticas en asesoría laboral, fiscal e contable (Grao en ADE / Grao en Economía / Grao en CC. Empresariais / Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos) |
| Descrición das tarefas | Tarefas relacionadas coa xestión laboral, fiscal e contable |
| Municipio | Corcubión |
| Provincia | A Coruña |
| Duración | 3 meses |
| N.º de horas semanais | 35 horas semanais |
| Perfil requirido ao alumnado | Un/ha estudante de calquera das seguintes titulacións: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Grao en ADE ▪ Grao en Economía ▪ Grao en Ciencias Empresariais ▪ Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos Actitudes: Gañas de aprender e dinamismo |
| Ofrécese solución habitacional? Si/Non | Non |

PRÁCTICA N.º 8

| | |
|---|--|
| Nome da entidade | ASOCIACIÓN CORRIPA E MEL OUTURELOS |
| Tipo de entidade e ámbito de actividade | ONG medioambiental e empresa. Ámbito de actividade: educación ambiental, investigación, conservación da natureza, ecoloxía e apicultura tradicional |

| | |
|--|--|
| Título da práctica | Conservación da natureza: fauna e flora de montaña (Grao en Bioloxía / M.U. en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión) |
| Descrición das tarefas | Tarefas relacionadas coa educación ambiental, investigación, conservación da natureza, ecoloxía e apicultura tradicional |
| Municipio | Negueira de Muñiz |
| Provincia | Lugo |
| Duración da práctica | 3 meses |
| Nº de horas semanais | 35 horas semanais |
| Perfil solicitado do alumnado | Un/ha estudante de calquera das seguintes titulacións: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Grao en Bioloxía ▪ M.U. en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión |
| Ofrécese solución habitacional? Si/Non | Non, pero existen aloxamentos cun prezo módico |
| Comentarios adicionais | É necesario ter vehículo para chegar ao centro de traballo |

PRÁCTICA N.º 9

| | |
|--------------------------------------|--|
| Nome da entidade | ASOCIACIÓN DESARROLLO TECNOLÓGICO RURAL |
| Tipo e ámbito de actividade | <p>Asociación sen ánimo de lucro dedicada a impulsar a innovación tecnolóxica, a dixitalización e o emprendemento no medio rural.</p> <p>A súa actividade céntrase no desenvolvemento de proxectos dixitais, plataformas tecnolóxicas e experiencias inmersivas que contribúen á revitalización dos pobos, a atracción de nova poboación e á xeración de oportunidades económicas sostibles en territorios rurais.</p> <p>Desde hai anos a asociación acolle e desenvolve programas de prácticas para estudantes universitarios no municipio de Ansó, cunha experiencia altamente positiva tanto para o alumnado como para o territorio. Estas prácticas teñen demostrado ser unha ferramenta eficaz de atracción e arraigamento, ata o punto de que nalgún caso, o alumnado participante ten decidido establecerse de forma permanente na contorna rural.</p> |
| Título da práctica | Deseño, comunicación e contidos visuais para a plataforma "vivirenunpueblo.org" (Grao en Turismo / M.U. en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos / Grao en Comunicación Audiovisual / Grao en ADE) |
| Descrición das tarefas | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Participar no desenvolvemento creativo e comunicativo do proxecto "vivirenunpueblo.org", unha plataforma orientada á revitalización do medido rural mediante tecnoloxía e contidos dixitais. ▪ Deseño gráfico aplicado á web e comunicación dixital. ▪ Apoio na definición da identidade visual do proxecto. ▪ Creación de contidos visuais e narrativos para web e redes sociais. ▪ Fotografía 360 graos e apoio na xeración de <i>tours</i> virtuais de vilas e espazos rurais. ▪ Edición básica de imaxe e contido audiovisual. ▪ Apoio en campañas de comunicación e <i>marketing</i> dixital orientadas a atraer novos poboadores e proxectos ao medio rural. ▪ Colaboración na documentación visual de servizos, vivendas e oportunidades locais. A práctica combina creatividade, impacto social e contacto directo co territorio rural. |
| Municipio | Ansó |
| Provincia | Huesca |
| Duración da práctica | 3 meses (desde xuño a agosto) |
| Nº de horas semanais | 35 horas semanais |
| Perfil solicitado (estudios actuais) | <p>Un/ha estudante de calquera das seguintes titulacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Grao en Turismo ▪ M.U. en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos ▪ Grao en Comunicación Audiovisual ▪ Grao en ADE <p>Interese polo medio rural, a sostibilidade e os proxectos con impacto social</p> |

| | |
|---|--|
| Ofrécese solución habitacional? Si/Non | Si, facilítase apoio para a busca de aloxamento |
| Comentarios adicionais | Práctica con alto compoñente creativo e autonomía, orientada a xerar un <i>portfolio</i> real aplicable a proxectos de innovación social e territorial |

PRÁCTICA N.º 10

| | |
|---|---|
| Nome da entidade | ASOCIACIÓN DESARROLLO TECNOLÓGICO RURAL |
| Tipo de entidade e ámbito de actividade | <p>Asociación sen ánimo de lucro dedicada a impulsar a innovación tecnolóxica, a dixitalización e o emprendemento no medio rural.</p> <p>A súa actividade céntrase no desenvolvemento de proxectos dixitais, plataformas tecnolóxicas e experiencias inmersivas que contribúen á revitalización dos pobos, a atracción de nova poboación e á xeración de oportunidades económicas sostibles en territorios rurais.</p> <p>Desde hai anos, a asociación acolle e desenvolve programas de prácticas para estudantes universitarios no municipio de Ansó, cunha experiencia altamente positiva tanto para o alumnado como para o territorio. Estas prácticas teñen demostrado ser unha ferramenta eficaz de atracción e arraigamento, ata o punto de que nalgún caso, o alumnado participante ten decidido establecerse de forma permanente na contorna rural.</p> |
| Título da práctica | Desenvolvemento de WEBAPP e ferramentas dixitais para o proxecto "virenunpueblo.org" (Enxeñaría Informática ou M.U. en Enxeñaría Informática) |
| Descrición das tarefas | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Participar no desenvolvemento tecnolóxico do proxecto "virenunpueblo.org", unha plataforma dixital que conecta persoas interesadas en viviren no medio rural con municipios e oportunidades reais. ▪ As tarefas principais inclúen: <ul style="list-style-type: none"> ○ Desenvolvemento e mellora de WEBAPP vinculadas ao proxecto. ○ Deseño funcional e técnico de novas funcionalidades dixitais. ○ Apoio na integración de ferramentas interactivas (mapas, fichas de servizos, percorridos virtuais). ○ Colaboración no deseño da experiencia de usuario (UX/UI). ○ Optimización de estruturas web e fluxos de navegación. ○ Apoio técnico en proxectos de dixitalización do territorio e visualización de datos rurais. <p>Desexable interese polo deseño, a experiencia de usuario e os proxectos con impacto social</p> |
| Municipio de realización | Ansó |
| Provincia | Huesca |
| Duración | 3 meses (desde xuño a agosto) |
| Horas semanais | 35 horas semanais |
| Perfil do alumnado | <p>Un/ha estudante de calquera das seguintes titulacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Grao en Enxeñaría Informática ▪ M.U. en Enxeñaría Informática |
| Ofrécese solución habitacional? Si/Non | Si, facilítase apoio para a busca de aloxamento no mesmo municipio |
| Ofrécese esta práctica a máis de unha universidade? | Si |
| Comentarios adicionais | Práctica con alto compoñente creativo e autonomía, orientada a xerar un <i>portfolio</i> real e aplicable a proxectos de innovación social e territorial |

PRÁCTICA N.º 11

| | |
|------------------|---|
| Nome da entidade | ASOCIACIÓN DESARROLLO TECNOLÓGICO RURAL |
|------------------|---|

| | |
|---|---|
| <p>Tipo de entidade e ámbito de actividade</p> | <p>Asociación sen ánimo de lucro dedicada a impulsar a innovación tecnolóxica, a dixitalización e o emprendemento no medio rural.</p> <p>A súa actividade céntrase no desenvolvemento de proxectos dixitais, plataformas tecnolóxicas e experiencias inmersivas que contribúen á revitalización dos pobos, a atracción de nova poboación e á xeración de oportunidades económicas sostibles en territorios rurais.</p> <p>Desde hai anos, a asociación acolle e desenvolve programas de prácticas para estudantes universitarios no municipio de Ansó, cunha experiencia altamente positiva tanto para o alumnado como para o territorio. Estas prácticas teñen demostrado ser unha ferramenta eficaz de atracción e arraigamento, ata o punto de que nalgún caso, o alumnado participante ten decidido establecerse de forma permanente na contorna rural.</p> |
| <p>Título da práctica</p> | <p>Análise, restauración e posta en valor de rutas desde unha perspectiva ambiental e forestal (M.U. en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión / M.U. en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental / Grao en Bioloxía / Grao en Paisaxe)</p> |
| <p>Descrición das tarefas</p> | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Participar no proxecto Adopta un Sendeiro, unha iniciativa de restauración, conservación e posta en valor de sendeiros rurais do Pireneo aragonés, combinando traballo de campo, análise ambiental e ferramentas dixitais. ▪ As tarefas principais incluírán: <ul style="list-style-type: none"> ○ Diagnóstico ambiental e funcional de sendeiros rurais. ○ Identificación de tramos degradados, procesos erosivos do medio natural etc. ○ Avaliación do estado do firme, drenaxes, marxes e elementos naturais asociados. ● Apoio en accións de restauración e mellora ambiental: <ul style="list-style-type: none"> ○ Propostas de medidas de corrección de impactos (erosión, compactación etc.) ○ Mellora da integración paisaxística e natural do sendeiro. ○ Apoio en xornadas de voluntariado ambiental e restauración lixeira. ● Inventario e caracterización da contorna natural: <ul style="list-style-type: none"> ○ Identificación básica de especies vexetais e hábitats presentes. ○ Rexistro de elementos de interese ambiental, forestal e etnográfico. ○ Análise de compatibilidade entre uso recreativo, conservación e biodiversidade. ○ Propostas de mellora para un uso responsable do sendeiro. ● Apoio na documentación técnica e divulgativa do proxecto: <ul style="list-style-type: none"> ○ Elaboración de fichas ambientais de sendeiros. ○ Tradución do coñecemento técnico a contidos divulgativos accesibles. ○ Apoio na integración de información ambiental, percorridos virtuais e ferramentas virtuais e dixitais do proxecto. |
| <p>Municipio de realización</p> | <p>Ansó</p> |
| <p>Provincia</p> | <p>Huesca</p> |
| <p>Duración</p> | <p>3 meses (de xuño a agosto)</p> |
| <p>Horas semanais</p> | <p>35 horas semanais</p> |
| <p>Perfil do alumnado</p> | <p>Un/ha estudante de calquera das seguintes titulacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ M.U. en Ciencias, Tecnoloxías e Xestión Ambiental ▪ M.U. en Biodiversidade Terrestre: Caracterización, Conservación e Xestión ▪ Grao en Bioloxía ▪ Grao en Paisaxe |
| <p>Ofrécese solución habitacional? Si/Non</p> | <p>Si, facilítase apoio para a busca de aloxamento no mesmo municipio</p> |

| | |
|---|--|
| Ofrécese esta práctica a máis de unha universidade? | Si |
| Comentarios adicionais | Práctica con alto compoñente creativo e autonomía, orientada a xerar un <i>portfolio</i> real e aplicable a proxectos de innovación social e territorial |

PRÁCTICA N.º 12

| | |
|---|---|
| Nome da entidade | ASOCIACIÓN GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL RIBEIRA SACRA-COUREL (GDR 06) |
| Tipo de entidade e ámbito de actividade | <p>Entidade colaboradora da Xunta de Galicia na xestión dos LEADER, do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC 2023-2027)</p> <p>O seu ámbito de actuación da asociación abarca os grandes concellos rurais: Bóveda (lugar da sede), Pantón, A Pobra do Brollón, O Saviñao, Sober, Quiroga, Ribas de Sil, Folgoso do Courel, O Incio, Samos, Triacastela e As Nogais. Todos eles cunha poboación ≤ 5.000 habitantes.</p> <p>Actúa sobre zonas da reserva da biosfera Ribeira Sacra e serras de Ouribio e O Courel, Xeoparque Montañas do Courel, Xeodestino e Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra e Xeodestino Courel e Zonas de Especial Conservación (ZEC), Rede Natura 2000. Son valores e recursos do territorio do GDR Ribeira Sacra-Courel. O GDR tamén presenta como actividade a organización e execución de proxectos de promoción e animación territorial e de cooperación entre grupos de desenvolvemento rural.</p> |
| Título da práctica | Ribeira Sacra-Courel en REDE (Enxeñaría Informática / Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos) |
| Descrición das tarefas | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Creación de sección de actualidade autoxestionable polo persoal técnico do GDR na páxina web. ▪ Creación dun nodo integral das redes sociais do GDR. ▪ Creación dun blog/app de información dixital de recursos turísticos, produtos agro-alimentarios e de restauración do territorio do GDR. ▪ Creación dun sistema dixital de difusión de noticias relacionadas co desenvolvemento rural. ▪ Creación da plataforma <i>Moodle</i> como sistema de aprendizaxe de código aberto e gratuíto |
| Municipio e Provincia | Bóveda / Lugo |
| Duración | 3 meses |
| Horas semanais | 35 horas semanais |
| Perfil do alumnado | <p>Un/ha estudante de calquera das seguintes titulacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Enxeñaría Informática ▪ Grao en Creación Dixital, Animación e Videoxogos |
| Ofrécese solución habitacional? Si/Non | Non, pero na zona existen solucións adecuadas e desde o GDR axudarán ao/á alumno/a a atopala. |
| Máis información | <p>Ligazóns de interese para +INFO:</p> <p>https://ribearasacracourel.es/ https://www.facebook.com/gdrRibeiraSacraCourel?locale=es_ES https://www.instagram.com/gdrribeirasacracourel?igsh=Z3h3Mml1NTQ3bHI5</p> |

PRÁCTICA N.º 13

| | |
|---|--|
| Nome da entidade | ASOCIACIÓN GRUPO DESENVOLVEMENTO RURAL RIBEIRA SACRA-COUREL (GDR 06) |
| Tipo de entidade e ámbito de actividade | <p>Entidade colaboradora da Xunta de Galicia na xestión dos LEADER, do Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC 2023-2027)</p> <p>O seu ámbito de actuación da asociación abarca os grandes concellos rurais:</p> |

| | |
|--|---|
| | <p>Bóveda (lugar da sede), Pantón, A Pobra do Brollón, O Saviñao, Sober, Quiroga, Ribas de Sil, Folgoso do Courel, O Incio, Samos, Triacastela e As Nogais. Todos eles cunha poboación ≤ 5.000 habitantes.</p> <p>Actúa sobre zonas da reserva da biosfera Ribeira Sacra e Serras de Ouribio e O Courel, Xeoparque Montañas do Courel, Xeodestino e Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra e Xeodestino Courel e zonas de especial conservación (ZEC), Rede Natura 2000. Son valores e recursos do territorio do GDR Ribeira Sacra-Courel. O GDR tamén presenta como actividade a organización e execución de proxectos de promoción e animación territorial e de cooperación entre grupos de desenvolvemento rural.</p> |
| Título da práctica | Ribeira Sacra-O Courel en RUTA (Grao en Turismo / Grao en Paisaxismo / Grao en Bioloxía) |
| Descrición das tarefas | <ul style="list-style-type: none"> ▪ Realizar a análise de recursos turísticos dos concellos integrantes do GDR Ribeira Sacra-O Courel. ▪ Ordenar e organizar unha biblioteca de recursos turísticos e material promocional do GDR Ribeira Sacra-O Courel. ▪ Diseñar e confeccionar o deseño de trípticos de recursos turísticos dos concellos integrantes do GDR Ribeira Sacra-O Courel. ▪ Creación de recursos e mapas dixitais de rutas no territorio GDR. ▪ Realización de rutas guiadas polo territorio do GDR |
| Municipio e Provincia | Bóveda-Lugo |
| Duración | 3 meses |
| Horas semanais | 35 horas semanais |
| Perfil do alumnado | Un/ha estudante de calquera das seguintes titulacións: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Grao en Turismo ▪ Grao en Paisaxismo ▪ Grao en Bioloxía |
| Ofrécese solución habitacional? Si/Non | Non, pero na zona existen solucións de aloxamento adecuadas e o GDR axudará ao/á alumno/a a atopala. |
| Máis información | Ligazóns de interese (+ info): https://ribeirasacracourel.es/ https://www.facebook.com/gdrRibeiraSacraCourel?locale=es_ES https://www.instagram.com/gdrribeirasacracourel?igsh=Z3h3Mml1NTQ3bHl5 |

PRÁCTICA N.º 14

| | |
|---|--|
| Nome da entidade | PRORURAL – GALICIA ASOCIACIÓN PARA A PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO MEDIO RURAL DE GALICIA |
| Tipo de entidade e ámbito de actividade | <p>PRORURAL GALICIA é unha asociación sen ánimo de lucro que traballa na promoción e desenvolvemento integral do medido rural en Galicia, impulsando iniciativas orientadas á dinamización económica, a creación de emprego e a fixación da poboación.</p> <p>A entidade desenvolve proxectos de análise territorial, identificación de oportunidades e posta en valor de recursos locais (patrimonio, espazos produtivos e turismo), así como accións de asesoramento, formación e apoio ao emprendemento rural. Tamén colabora con administracións públicas, empresas e outras entidades na elaboración de estratexias de desenvolvemento sostible contribuíndo á cohesión territorial e o reto demográfico.</p> |
| Título da práctica | Mapeamento, análise e valoración de activos territoriais na comarca de Quiroga (Grao en Arquitectura / Grao en Paisaxe / másteres relacionados coa arquitectura, urbanismo, paisaxe ou intervención no territorio) |

| | |
|--|--|
| <p>Descrición das tarefas</p> | <p>A práctica desenvólvese no marco do proxecto “Mapa de Oportunidades”, orientado á identificación e activación de activos territoriais (edificacións, aldeas e espazos produtivos en desuso ou infrautilizados) nos concellos de Quiroga, Ribas de Sil e Folgoso do Caurel.</p> <p>O/a estudante participará nun proceso aplicado de análise territorial e proxectual, incluíndo:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Identificación e localización de activos con potencial. ▪ Traballo de campo e visitas técnicas aos espazos seleccionados. ▪ Levantamento básico e documentación gráfica (fotografía, esquemas, mapas). ▪ Análise do estado de conservación e características construtivas. ▪ Avaliación da integración paisaxística e territorial. ▪ Estudo preliminar de viabilidade de usos (turísticos, produtivos, residencias, culturais etc.). ▪ Apoio na elaboración de fichas técnicas de cada activo. ▪ Participación na conceptualización de propostas de intervención (rehabilitación, reutilización e posta en valor). ▪ Colaboración na integración dos resultados e posta en valor. ▪ Colaboración na integración dos resultados nun mapa dixital interactivo. ▪ A práctica terá un enfoque multidisciplinar, combinando arquitectura, paisaxe e desenvolvemento territorial, orientado á xeración de proxectos reais no medido rural. |
| Municipio de realización | Quiroga, Ribas de Sil e Folgoso do Courel |
| Provincia | Lugo |
